

ESTREA EN NUMAX: 29.11.2019 | V.O.S.G. | TP

*Tenki no ko* (2019, 111')

**Dirección:** Makoto Shinkai

**Guión:** Makoto Shinkai

**Montaxe:** Makoto Shinkai

**Dirección de arte:** Hiroshi Takiguchi

**Fotografía:** Ryōsuke Tsuda

**Música:** Radwimps

**Animación:** Hiroshi Takiguchi, Atsushi Tamura,  
Masayoshi Tanaka

**Produtoras:** CoMix Wave Films (Xapón)

**Distribuidora:** Selecta Visión

**Formato de proxección:** DCP2K, 1.78:1

**Idioma orixinal:** Xaponés

#### PREMIOS E FESTIVAIS

Oscar 2020 (preseleccionada por Xapón)

#### FILMOGRAFÍA

*Your Name*, 2016

*El jardín de las palabras*, 2013

*5 centímetros por segundo*, 2007

*El lugar que nos prometimos*, 2004

#### SINOPSE

Hotaka Morishima é un estudante de secundaria que se muda a Tokio para deixar atrás a súa vida nunha illa afastada do mundo. Alí coñecerá a Akina Amano, unha rapaza co misterioso poder de manipular e controlar o clima ao seu antollo.

Subtítulos traducidos ao galego co apoio  
da Secretaría Xeral de Política Lingüística

«Ten os mesmos personaxes encantadores e o traballo artístico deliciosamente detallado da súa predecesora, *Your Name*»

Deborah Young,  
THE HOLLYWOOD REPORTER



## “Gustaríame chegar a ofrecer unha parte da emoción que Miyazaki me reportou cando era pequeno”

Entrevista con Makoto Shinkai  
Por Luke Parker

### Es escritor e animador. Cando comezas a traballar nun novo proxecto como conviven ambas funcións?

**Con que frecuencia as imaxes que che veñen á cabeza no proceso de escrita coinciden coas que finalmente vemos no filme?** Realmente penso nas palabras e os diálogos antes de que ningunha imaxe visual agrome na miña mente. E unha vez inicio os deseños do filme comezo a sentirme pleno, como é o caso agora. Pero primeiro gústame pensar nos diálogos que precisan os meus personaxes e as súas características internas. Así é como comezo. No caso d’*O tempo contigo* eu quería que Morishima Hodaka, o rapaz protagonista, dixese: «Non me importa o tempo, impórtasme ti». E a partir de aí imaxeí o tipo de historia que podía dar lugar a esa liña de texto. E só a partir dese momento comezo traballar o aspecto visual.

**Tes declarado que as críticas recibidas por *Your Name* (2016) foron de grande axuda para *O tempo contigo*?** Cando estreamos *Your Name* recibín unha chea de críticas argumentando como debía

ser o filme. En *Your Name* empreguei catro cancións da banda Radwimps e ás veces a música era tan potente que era difícil escoitar os diálogos. Algunha xente dicía que era un videoclip máis ca un filme. Tamén me botaban en cara que empregase unha catástrofe como motivo do filme ou o feito de que provocase a resurrección dalgún personaxe. Todo o mundo me dicía diferentes cousas que estaban mal feitas, o que me levou a pensar que non existen regras precisas sobre como facer un filme. Creo que esa emoción foi o motor que fixo avanzar *O tempo contigo*.

**Ademais tes comentado que Hayao Miyazaki foi unha enorme influencia para ti. Pero ao mesmo tempo tentas evitar as comparacións que te nomean como o novo Miyazaki.** Non é que evite comparacións, simplemente sinto que Miyazaki é grande de máis ou, para mellor expresalo, creo que os mundos que el foi quen de imaxinar son meirandes do que calquera outro creador poida sequera bosquexar. É como comparar un adulto cun neno. Compararme con el neste intre da miña carreira non ten sentido pois síntome moi inmaduro e vexo o meu traballo moi imperfecto. Pero supoño que para os rapaces xaponeses máis novos, que se cadra non coñecen tanto a Miyazaki —o seu último filme, *O vento levántase*, é de hai seis anos— o meu traballo é máis referencial. Por tanto asumo a responsabilidade como cineasta de trasladar esa idea de esperanza e emoción ao público do mesmo xeito que Miyazaki fixo coa miña xeración. As miñas habilidades non son comparábeis

nestes momentos, pero gustaríame chegar a ofrecer cando menos unha parte da emoción que el me reportou a min cando era pequeno.

**Por último falemos da túa relación con Xapón e, especificamente, con Tokio. Nos teus dous filmes temos personaxes de fóra de Tokio que queren integrarse na gran cidade. Cales foron as túas impresións cando chegaches á grande urbe?** Eu creíame na prefectura de Nagano, unha zona rural cunha chea de enormes montañas. Eran como enormes paredes que me rodeaban cando era pequeno. Sempre me preguntaba polo que habería do outro lado, que tipo de xente e lugares podería atopar. Cando me graduei en secundaria aproveitei a ocasión para ir estudar a Tokio. Cando cheguei atopei todo moi sucio e a xente moi fría, pouco amistosa. Ademais os veráns eran moi calorosos, nada que ver co que tiña imaxinado. Detestei Tokio durante anos, pero finalmente fixen amizades, coñecín a miña parella e a cidade comezou a conquistarme por moitos motivos. Cando fago filmes tento apreixar esa beleza que agora atopo en Tokio.

Publicado en [wegothiscovered.com](http://wegothiscovered.com)  
Tradución: Xan Gómez Viñas

### O director

Makoto Shinkai (Kuomi -prefectura de Nagano-, Xapón, 1973) é un recoñecido director de cinema, escritor, produtor e actor de dobraxe xaponés, alcumado acotío como o novo Miyazaki pola gran fascinación que exerce o seu cinema, especialmente nos afeccionados máis novos. A obra coa que se deu a coñecer mundialmente, *Your Name* (2016), converteuse no anime máis taquilleiro da historia.

### NA LIBRARÍA NUMAX

*Your Name*, Makoto Shinkai. Selecta Vision  
[BluRay / DVD]

*5 centímetros por segundo*, Makoto Shinkai.  
Planeta Comic, 2018

## NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega  
Concepción Arenal, 9 baixo  
15702 Santiago de Compostela  
TELF 981 560 250 | [www.numax.org](http://www.numax.org)

## ALDARA XA TEN O SEU ABONO REDUCIDO

E ti, a que agardas para abonarte?



Se ti xa es de NUMAX e queres compartilo, fai unha foto co teu abono e compártea.

#eusondennumax

